Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Proxecto Socheo

PROXECTO SOCHEO é un intento de aminorar o esquecemento que produce o paso do tempo na Guarda. Por medio desta canle preténdese xuntar nunha mesma plataforma todas aquelas imaxes que supoñan un reforzo para evitar a desmemoria.

Vivimos en tempos onde se desbotan unha chea de material audiovisual e aquí pretendemos xuntalas para que reforcen o patrimonio da Guarda. Unha maneira de repensar o pasado, facelo presente e redimensionalo para o futuro.

A intención deste proxecto é convidar a quen posúa imaxes da Guarda e das súas xentes para que amose os seus arquivos e engrose este proxecto común. Se che interesa colaborar ponte en contacto en:

proxectosocheo@gmail.com

Dirección: XURXO CHIRRO

Produción: BELI MARTÍNEZ

Historiador: GUSTAVO GONZÁLEZ

Técnico: DANIEL GONZÁLEZ

Comunicación: LUÍS CIVIDANES

Agradecementos: FACULTADE CC. SS. E DA COMUNICACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

► PROXECTO SOCHEO: Entra e goza dos vídeos deste proxecto pioneiro da memoria videográfica


PROXECTO
SOCHEO